



CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE 07 DE XANEIRO DE 2016

Na Sala de reunións do servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, as 09:40 horas do día 07 de xaneiro de 2016, réunese a mesa de Contratación do concello de Vigo convocada polo Presidente o día 30-12-2015, para tratar os asuntos do orde do día que figuran en dita convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. Carlos López Font

Vocais:

D. Xesús Costas Abreu.
Dna. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. Pablo Olmos Pita.

Secretario: D. José Manuel Vieites Alén

1.- Apertura de documentación administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de procuradores para a representación do concello de Vigo perante distintos órganos xudiciais. (expediente 9408-111).

En primeiro lugar comprobouse a documentación presentada polos licitadores aos que se lle outorgou prazo para subsan-la documentación, de esta comprobación resultou:

1º Licitadores admitidos por subsana-la documentatción:

BEGOÑA MILLAN IRIBARREN.

SILVIA BARREIRO TEIJEIRO.

RICARDO ESTEVEZ CERNADAS.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 16:56	Páxina 1 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A44B-52DDA3-34DDC1-L8EWD8-R3SP6H-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

MARIA SANTIAGO ARBONES.

PABLO ACOSTA PADIN.

MIGUEL PARDO DE BEIRA MORENO.

MARIA DORES DOLDAN PALACIOS.

2º Licitadores excluídos:

EDUARDO PARDO COLLANTES: por non declarar a solvencia técnica de acordo co establecido no modelo de declaración do anexo I ao prego de cláusulas administrativas particulares.

NOELIA NUÑEZ LOPEZ: por non declarar a solvencia económica financeira e técnica de acordo co establecido no modelo de declaración do anexo I ao prego de cláusulas administrativas particulares.

2.- Apertura de documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de procuradores para a representación do concello de Vigo perante distintos órganos xudiciais. (expediente 9408-111).

En acto público abriuse o sobre B que contén a oferta técnica dos licitadores que se relacionan a continuación xuntamente co lote ao que se presentan.

1. PAULA LLORDEN FERNANDEZ-CERVERA presenta oferta ao lote I Vigo.
2. MARÍA JESÚS NOGUEIRA. presenta oferta ao lote I Vigo.
3. RAMON CORNEJO-MOLINS GONZALEZ presenta oferta ao lote I Vigo.
4. ANA GONZALEZ-MORO MENDEZ presenta oferta ao lote II A Coruña.
5. JUAN LAGE FERNANDEZ-CERVERA presenta oferta ao lote II A Coruña
6. GARRIDO PROCURADOR&ASOCIADOS SLP, presenta oferta ao lote II A Coruña
7. JESUS GONZALEZ-PUELLES CASAL presenta oferta ao lote I Vigo
8. JOSE AMENEDO MARTINEZ, presenta oferta ao lote II A Coruña
9. BEGOÑA MILLAN IRIBARREN, presenta oferta ao lote II A Coruña
10. SILVIA BARREIRO TEIJEIRO presenta oferta ao lote III Madrid.
11. RICARDO ESTEVEZ CERNADAS, presenta oferta ao lote I Vigo.
12. MARIA SANTIAGO ARBONES presenta oferta ao lote I Vigo. A documentación técnica e o sobre que a contén están sen asinar, a mesa acorda por unanimidade requerirle para que asine dita documentación ante o secretario da Mesa.
13. PABLO ACOSTA PADIN, presenta oferta ao lote I Vigo .
14. MIGUEL PARDO DE BEIRA MORENO presenta oferta ao lote II A Coruña
15. MARIA DORES DOLDAN PALACIOS presenta oferta ao lote I Vigo

Unha vez asinada a proposta pola licitadora MARIA SANTIAGO ARBONES, as ofertas pasarán ao servizo xestor para informe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 16:56	Páxina 2 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A44B-52DDA3-34DDC1-L8EWD8-R3SP6H-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

3.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

- a) **Procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de arrendamento de vehículos para a Policía Local de Vigo. (expediente 43577-212)**

Faise entrega do informe do Intendente da Policía Local de 24-12-2015 de valoración das xustificacións presentadas polas empresas que con ofertas con valores anormalmente baixos.

4.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos.

- a) **Procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de arrendamento de vehículos para a Policía Local de Vigo. (expediente 43577-212)**

Por unanimidade se acorda solicitar do servizo xestor unha ampliación do informe emitido no que se xustifique e se aporte a documentación a que se fai referencia na xustificación do custo de mantemento dos vehículos.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión as 10:35 horas. De todo elo eu secretario dou fe.

V.e Pr.

O Presidente da Mesa

O Secretario

D. Carlos López Font

D. José Manuel Vieites Alén



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/04/2024 16:56

Páxina 3 de 3

ACTAS PERFIL CONTRATANTE

CSV: A4A44B-52DDA3-34DDC1-L8EWD8-R3SP6H-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>